



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 3 DE OUTUBRO DE 2014**

### **LICENZAS**

#### **FAVORABLES.-**

**LIC/1145/2014.- FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN.-** Conceder a licenza de obras para executar as obras de reposición de tellas na edificación auxiliar na obra de San Martiño Pinario en Praza da Inmaculada nº 5 desta cidade.

#### **DEVOLUCIÓN DE FIANZA.-**

**LIC/1540/2013.-** D. Brais Sangiao Rios.- ..... LIC/62/2009 ..... - 1500 €.-

### **2.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á concesión de licenza de obras de reposición de tellas e edificación auxiliar na obra de San Martiño Pinario na praza da Inmaculada,5.**

Para proceder á reposición e recolocación de tellas desprendidas ou rotas e para a reposición dun vidro de iluminación, acordouse autorizar a correspondente licenza para unha edificación auxiliar situada nas hortas do Mosteiro de San Martiño Pinario. O custo de execución material declarado ascende a 2.691 euros.

### **3.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á devolución da fianza depositada no expediente. LIC/1540/2013.**

Acordouse a devolución dunha fianza de 1.500 euros depositada con motivo da construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Lobra, na parroquia de Santa Mariña de Verdía.

### **4.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa ao rexeitamento da operatividade da expropiación por ministerio da lei dunha parcela sita en Penas do Cabildo, así como da solicitude de valorar e ter presentada a folia de aprecio da indicada parcela.**

A Xunta de Goberno acordou rexeitar a operatividade da expropiación por Ministerio de lei (expropiación forzosa proposta polo propietario) para unha parcela cualificada no PXOM como zona verde no polígono industrial do Tambre.

### **5.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á autorización para o remate dos traballos de urbanización do parque empresarial de A Sionlla dentro de terreos municipais.**

Autorizouse á empresa pública Xestur ao remate dos traballos de urbanización do parque empresarial da Sionlla, dentro de terreos públicos municipais.

### **6.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do proxecto de demolición da Casa da Xuventude na praza do Matadoiro.**

A Xunta de Goberno aprobou o proxecto de demolición da Casa da Xuventude situada na Praza do Matadoiro, que sinala un orzamento de execución por contrata de 165.076 euros. O proxecto de demolición que agora se aproba será completado por un proxecto de reurbanización da parcela, tarefa na que xa está a traballar os servizos municipais de urbanismo.

### **7.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do orzamento de ampliación e iluminación no parque de Ponte Pereda (Rúa Antolín Faraldo), e encomendar á empresa concesionaria da xestión e mantemento do servizo de alumeadado público a realización das actuacións descritas na proposta.**

Aprobouse o orzamento necesario para a ampliación da iluminación pública no Parque de Ponte Pereda, na rúa Antolín Faraldo, nas proximidades da glorieta de Conxo. A actuación ten un orzamento de 9.476 euros que será financiada con cargo ao contrato de xestión do servizo

de alumado público. Consiste no incremento de 5 novas luminarias, coas súas correspondentes bases de formigón e con columnas cilíndricas iguais ás existentes na zona.

**8.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa ao recoñecemento aos membros do Comité de Expertos do PPlan Especial de Protección da Cidade Histórica de Santiago o dereito ao devengo de indemnizacións por razóns de servizo, nos termos establecidos no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio.**

Para axudar a sufragar os gastos que se poidan producir por asistencia ás reunións que celebren os membros do Comité de Expertos para a valoración das propostas presentadas no procedemento de contratación para a “Redacción da Revisión do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da cidade histórica de Santiago de Compostela”, acordouse recoñecerlles o dereito de indemnización por esa causa.

**9.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do convenio entre o concello de Santiago de Compostela e o Consorcio para o proxecto ZERO EMISSIONS CITY (ZEC) para a realización dunha proba piloto do citado proxecto no marco do programa CONECTA PEME.**

Aprobouse un convenio co consorcio do proxecto Zero Emissions (ZEC) que ten como obxectivo mellorar no coñecemento da pegada de carbono da cidade e posibilitar, así, a execución de medidas destinadas a reduci-la, redundando na calidade de vida da cidadanía e no incremento da sustentabilidade.

A colaboración do Concello, que non supón achega económica ningunha, consiste en autorizar a instalación dos aparatos de medida en determinados vehículos da frota municipal e nas súas instalacións, ademais de permitir a recolección das medicións.

**10.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais (Normalización Lingüística) relativa á xustificación da subvención concedida pola Secretaría Xeral de Política Lingüística para o exercicio 2014, dentro da modalidade “Mantemento ou reforzamento dun servizo lingüístico”.**

Deuselle a aprobación a un informe presentado polo Departamento municipal de Lingua Galega no que se recolle a execución de programas de promoción da lingua para o seu traslado á Xunta de Galicia acreditando a subvención de 6.064 euros concedida no pasado mes de xullo de 2014.

**11.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais (Deportes) relativa á aprobación dos convenios nominativos de deportes coas seguintes entidades:**

- a) Club Ciclista Compostelano.
- b) Obradoiro.

Para colaborar cos gastos do Obradoiro Club Amigos de Baloncesto SAD e co Club Ciclista Compostelano aprobáronse dous convenios que conteñen axudas por un importe conxunto de 75.000 euros (45.000 para o Obradoiro e 30.000 para o Club Ciclista Compostelano).

**12.- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio (Festas) relativa á prórroga do contrato de iluminación navideña.**

O Concello acordou prorrogar o contrato para a iluminación no Nadal coa empresa *Iluminaciones Santiaguesas S.L.*. O contrato recolle un importe de 48.340 euros, repartido en dúas anualidades.

**13.- Proposta da concelleira delegada da Área de Cultura e Patrimonio relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Auditorio de Galicia e a Universidade de Vigo para regular un programa de prácticas académicas externas dentro do festival internacional de curtometraxes “Curtocircuito” 2014.**

**80.- Proposta do concelleiro delegado de Réxime Interior e Administración Pública relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago para a realización de prácticas de alumnos do máster universitario en Dereito das Administracións e Institucións Públicas.**

Foron aprobados os textos de dous convenios a subscribir coas universidades de Vigo e de Santiago de Compostela, ambos sen custo para ningunha das entidades participantes.

No caso do convenio coa Universidade viguesa será subscrito co Auditorio de Galicia e ten por obxecto a regulación dun programa de prácticas académicas externas dentro do festival internacional de curtametraxes Cortocircuito 2014.

No caso do convenio coa Universidade compostelá o fin do convenio é a realización de prácticas de alumnos do máster universitario de dereito das administracións e institucións públicas.

**14.- Proposta do concelleiro delegado da área de Medio Rural e Relacións Veciñais relativa á resolución da convocatoria de subvencións do departamento de Relacións Veciñais.**

Por proposta do Departamento de Relación Veciñais acordouse a distribución de subvencións a un total de 38 asociacións veciñais sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas e actividades ao longo do actual ano 2014.

O importe total ascende a 59.133 euros, distribuídos en cantidades que van desde os 1.900 euros de subvención máxima ata os 633 euros de menor contía, en función da puntuación outorgada pola Comisión Avaliadora constituída para este fin.

**15.- Proposta da concelleira delegada da área de Economía relativa ao inicio do procedemento para a autorización demanial para a instalación dunha pista de xeo.**

Co establecemento dun canon mínimo de saída á alza de 1.000 euros e un prazo de 30 días hábiles para a presentación de proposicións, acordouse iniciar o expediente de licitación e a aprobación do prego de cláusulas administrativas para a instalación dunha pista de patinaxe na Alameda durante o vindeiro Nadal.

**16.- Proposta da concelleira delegada da área de Economía (Turismo) relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Deputación Provincial de A Coruña para o financiamento da “Campaña on-line de promoción en Europa de Santiago de Compostela”, marco para a xestión compartida da promoción turística conxunta dos concellos da área de Santiago.**

Acordouse aprobar o convenio coa Deputación da Coruña mediante o que o organismo provincial achega un máximo de 100.000 euros para financiar unha campaña on-line de promoción de Santiago e de Galicia en Europa. O custo final estimado da campaña é de 130.000 euros, polo que a Deputación financia o 77%.

**17 a 79.- Proposta do concelleiro delegado de facenda relativa a beneficios fiscais**

A Xunta de Goberno, conforme ao disposto nas ordenanzas reguladoras, resolveu tamén 63 solicitudes presentadas para a obtención de beneficios fiscais sobre distintas propiedades en materia de bens inmobles, incremento do valor dos terreos de natureza urbana ou sobre vehículos de tracción mecánica.

**81.- Proposta do concelleiro delegado de Réxime Interior e Administración Pública dando conta da subvención outorgada pola Escola Galega de Administración Pública para o financiamento do Plan de Formación Continua 2014.**

A Xunta de Goberno local foi informada da concesión dunha subvención da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), por importe de 4.674 euros, destinada a financiar en parte o Plan de Formación Continua 2014 que fora aprobado na Xunta de Goberno do pasado 2 de maio.

**82.- Proposta do concelleiro delegado de Contratación relativa a corrección de erros no prego administrativo das Obras para execución do proxecto básico e execución reformado de rehabilitación do Palacete do Espiño para equipamento municipal.**

Advertido un erro nos criterios de adxudicación do prego de cláusulas administrativas para o proxecto básico e de execución do Palacete do Espiño, que foi aprobado o pasado 5 de setembro co expediente de contratación, acordouse a súa emenda.

**83.- Recurso Especial de Contratación CON/67/2013 (Servizo de Axuda no Fogar no municipio de Santiago de Compostela).**

Acordouse desestimar o recurso presentado por unha empresa (Ingosan S.A.) contra o acordo da mesa de contratación do 18 de setembro constituída para a apertura das plicas dos sobre que contiñan a documentación dos criterios non avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes, das proposicións presentadas á licitación convocada para a contratación da prestación do “Servizo de axuda no fogar”.